



Concello de Monterroso

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA (8 de marzo de 2021)

O Concello de Monterroso, a través da Concellería de Muller e Igualdade, convoca a primeira edición deste concurso que se rexerá polas seguintes **BASES:**

PRIMEIRA.- Poderá participar calquera persoa física maior de idade.

SEGUNDA.- Con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora (8M), no que se conmemora a loita da Muller pola súa participación e igualdade de xénero na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa, convócase este concurso centrado no ámbito do traballo, coa finalidade de que a través das imaxes se reflicta o papel das mulleres no seu eido laboral cotián e así darlle a visibilidade e o lugar que merecen.

TERCEIRA.- As fotografías deberán ser orixinais en cor, feitas tanto con cámaras como con teléfonos móbiles, en vertical ou en horizontal, quedando prohibido o uso de programas de retoque fotográfico e filtros.

CUARTA.- Para participar será necesario enviar un mail coa indicación "I Concurso de Fotografía "A Muller Traballadora" ao correo electrónico espazo.lorenzo.varela@gmail.com cos seguintes datos:

- Nome, apelidos e número de DNI da persoa participante.
- 3 fotografías como máximo por cada participante.
- Título de cada fotografía.

QUINTA.- O prazo de participación será dende o **día 8 de marzo ata o día 28 de marzo**, ambos incluídos.

SEXTA.- Establécense os seguinte premios:

- 1º premio: 200 € + diploma
- 2º premio: 100 € + diploma
- 3º premio: 50 € + diploma



Concello de Monterroso

Estes premios serán aboados mediante o sistema de tarxeta moedeiro que terá que ser consumida integramente en establecementos sitos no Concello de Monterroso.

Con todas as fotografías recibidas durante o concurso farase unha composición que estará exposta no Espazo Cultural Lorenzo Varela.

Tamén haberá un pequeno agasallo para tódolos participantes.

SÉTIMA.- O xurado estará composto por tres membros designados e nomeados previamente mediante decreto de alcaldía, decreto que se fará público antes do 31 de marzo de 2021.

O xurado terá plenas facultades para decidir as persoas gañadoras e a súa desición será inapelable.

A súa composición farase pública xunto coa resolución dos premios.

A decisión do xurado darase a coñecer o **día 31 de marzo** na páxina web do concello así como nas redes sociais do mesmo.

Os premios serán aboados mediante o sistema de tarxetas moedeiros polo importe correspondente do premio e a consumir na vila de Monterroso.

OITAVA.- Coa súa participación neste concurso, as persoas responsables das fotografías autorizan ó Concello de Monterroso á difusión das mesmas nas redes sociais e na súa páxina web, así como do nome do/a autor/a das mesmas nos medios que se consideren oportunos.

O Concello de Monterroso comprométese a tratar en todo momento os datos de carácter persoal dacordo coas finalidades previstas nas presentes bases, entre outras, levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. O incumprimento das bases suporá a descalificación no concurso.